

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 31 de marzo de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Servicios Pesqueros Pujales, S.L.

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa *Servicios Pesqueros Pujales, S.L.* (código convenio 1502852), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 20-3-2003 subscrito pola Comisión Paritaria o día 10-3-2003, de conformidade co disposto no artigo 90.º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo seu depósito no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Concliación (SMAC).

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 31 de marzo de 2003.

Elisa Madarro González
Delegada provincial da Coruña

Convenio para a empresa *Servicios Pesqueros Pujales, S.L.*

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio será de aplicación á empresa *Servicios Pesqueros Pujales, S.L.*, no centro de traballo que a empresa ten no porto da Coruña, dedicada á distribución e aluguer de envases para o peixe.

Artigo 2º.-Vixencia.

A duración deste convenio terá unha vixencia de dous anos, iniciando a súa vixencia, e en toda a súa totalidade, o 1 de xaneiro de 2003.

Artigo 3º.-Prórroga e denuncia do convenio.

Este convenio será prorrogado tacitamente ó seu vencemento, por sucesivos períodos dunha anualidade, a non ser que se denuncie para a súa revisión cun mínimo de tres meses antes do seu vencemento ou do dalgunha das súas prórrogas.

A denuncia deberáselle comunicar á outra parte por escrito e, se é o caso, ó organismo competente da Administración.

Artigo 4º.-Retribucións.

O incremento salarial deste convenio, durante a súa vixencia, será o seguinte:

Año 2003: IPC previsto + 2 por cento sobre salario base, antigüidade e complemento de transporte.

Año 2004: IPC previsto + 2 por cento sobre salario base, antigüidade e complemento de transporte.

Artigo 5º.-Gratificacións extraordinarias.

Estableceranse dúas pagas extraordinarias ó ano, que se farán efectivas o 15 de xullo e o 22 de decembro. As dúas pagas aboaranse cunha mensuralidade do salario base.

Artigo 6º.-Complemento de transporte.

Establécese un complemento de transporte que para o ano 2003 será de 52,51 euros mensuais aboados en 12 pagas.

Artigo 7º.-Festivos e nocturnidade.

Por ser esta unha empresa dun sector moi peculiar, no salario base que se pacta neste convenio inclúese o labor de lles servir caixas ós barcos en domingos e festivos, labor este que se efectuará por quendas rotativas, tal e como se vén efectuando ata a data, e o servizo nocturno ós barcos. O salario dos traballadores será o pactado neste convenio sexa cal sexa a súa xornada, sempre que non se superen as 40 horas semanais marcadas pola lei.

Artigo 8º.-Xubilación.

A xubilación será obrigatoria para tódolos traballadores ós 65 anos, salvo pacto entre empresa e traballador, sempre que teña dereito a percibir unha pensión. De non ser así, poderá continuar na empresa ata que se xere o dereito á prestación.

Neste artigo negociarase no caso de que por disposición de rango superior se reduciase a idade da xubilación.

Os traballadores, por pacto de empresa, poderanse acoller á xubilación especial ós 64 anos, segundo o disposto no real decreto.

Artigo 9º.-Complemento de antigüidade.

Consistirá na percepción do 5% do salario base por cada quinquenio e empezará a contar, a dita antigüidade, a partir do 1 de xaneiro de 1992 ou no momento de ingresar na empresa para tódolos traballadores que entren a partir do 1 de xaneiro de 1992.

Fíxase nun máximo de tres quinquenios.

Artigo 10º.-Seguro de invalidez ou morte.

A empresa contratará un seguro colectivo de invalidez ou morte en accidente de traballo para tódolos traballadores cunha antigüidade superior a un ano, cunha contía de 1.000.000 de pesetas.

Artigo 11º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de 40 horas semanais, salvo que por norma de rango superior se cambiase a dita xornada.

Artigo 12º.-Vacacións.

Os traballadores desfrutarán dun período de trinta días naturais de vacacións.

Artigo 13º.-Licencias retribuídas.

O traballador, logo de aviso e xustificación, pode-rase ausentar do traballo con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

a) Dezasete días naturais en caso de matrimonio.

b) Tres días nos casos de nacemento de fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento para o efecto, o prazo será de catro días.

Artigo 14º.-Promoción e formación profesional no traballo.

O traballador terá dereito:

a) Ó disfrute dos permisos necesarios para concorrer a exames, así como a unha preferencia a elixir quenda de traballo, se tal é o réxime instaurado na empresa, cando curse con regularidade estudos para a obtención dun título académico ou profesional.

b) Á adaptación da xornada ordinaria de traballo para a asistencia a cursos de formación profesional, ou á concesión do permiso oportuno de formación ou perfeccionamento profesional, con reserva do posto de traballo.

Artigo 15º.-Garantías sindicais.

A empresa respectará o dereito dos traballadores a se sindicaren libremente.

Os traballadores afiliados a un sindicato ou asociación legalmente constituídos poderán distribuír información e recadar cotas fóra das horas de traballo, sen perturbaren a actividade normal da empresa.

As horas retribuídas dos membros do comité de empresa de máis de trinta traballadores poderanse acumular para ser desfrutadas por un ou varios de entre os interesados, notificándollo á dirección da empresa, con oito días de antelación ó comezo do mes de que se trate, e sempre que non supoña alteración grave do seu réxime laboral.

Artigo 16º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria do convenio estará composta por Carlos Pujales, pola parte empresarial e, en representación dos traballadores, por José Mejuto.

Táboas salariais ano 2003.

Categoría: peón.

Salario base: 549 euros.

Complemento de transporte: 52,51 euros.